



Mar vivo e vida digna para tod@s



## DOCUMENTO DE DENUNCIA

- Sobre a degradación do litoral e das rías galegas como ecosistemas mariños
- Sobre a degradación da pesca de baixura artesanal e do marisqueo en Galicia
- Sobre a contribución de Galicia á depredación industrial dos océanos
- Sobre a acuicultura como actividade insustentable, negocio de empresas multinacionais e falsa solución ao esgotamento da pesca
- Sobre o carácter depredador e neocolonial da Política Pesqueira Común da Unión Europea
- Sobre a necesidade de rexenerar os ecosistemas mariños e retornar a un aproveitamento racional e sustentable dos seus recursos

## DIRIXIDO A

- **Axencia Europea de Pesca**  
Mr. Harm Koster, Director Ejecutivo
- **Ministerio español de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño**  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa, Ministra
- **Xunta de Galicia**  
D<sup>a</sup> Rosa Quintana Carballo, Conselleira do Mar

## CON OCASIÓN DA

**Reunión de Ministros de Pesca da Unión Europea  
para revisar a Política Pesqueira Común  
en Vigo, nos días 4 e 5 de maio de 2010**

## **PRESENTACIÓN**

D. ---- ---- ---- ----, con D.N.I. nº ---- ---- ---- ----, con domicilio en ---- ---- ---- ----, representante legal da Asociación ---- ---- ---- ----, e actuando en nome das Redes, Asociacións e Colectivos que aquí se relacionan:

**A Ria Non Se Vende**

**Galiza Non Se Vende**

**Amarante**

**Marcha Mundial das Mulleres**

**Salvemos Pontevedra**

**Ecologistas en Acción**

... presenta ás autoridades destinatarias este Documento no que, partindo da realidade que se vive en Galicia, denunciemos a situación do medio mariño e as condicións nas que se realiza a actividade pesqueira en todo o mundo.

Asinado,

**Vigo, 5 de maio de 2010**

## **ÍNDICE**

- 1. O litoral galego e as súas rías: un conxunto de ecosistemas únicos e unha extraordinaria fonte de recursos pesqueiros e marisqueiros**
- 2. Pequena historia da pesca de baixura e do marisqueo en Galicia**
- 3. A degradación das rías: as infraestruturas portuarias e a artificialización do litoral**
  - **Os aterramentos (recheos) e as infraestruturas portuarias**
  - **As Autoridades Portuarias: A Autoridade Portuaria de Vigo**
  - **Os peiraos deportivos e outras infraestruturas**
- 4. A degradación das rías: a contaminación**
- 5. A degradación das rías: a sobrepesca de baixura e a excesiva densidade da acuicultura a flote**
- 6. A situación actual da pesca de baixura en Galicia**
- 7. A pesca industrial de altura dende Galicia**
- 8. A Política Pesqueira Común da Unión Europea**
- 9. As piscifactorías: un negocio das multinacionais presentado falsamente como unha solución ao esgotamento da pesca**
- 10. O retorno ao coidado dos ecosistemas mariños e ao seu aproveitamento racional e sustentable**

## **1. O litoral galego e as súas rías: un conxunto de ecosistemas únicos e unha valiosa fonte de recursos pesqueiros e marisqueiros**

*“A Ría de Vigo, como todas as rías galegas, é unha unidade funcional físico biolóxica (relacionada coa plataforma próxima e a contorna terrestre), na que as perturbacións que se produzan en calquera punto repercuten, en menor ou maior grado, no seu conxunto”.*

O termo “ría” está aceptado universalmente para diferencialo dunha baía ou dun estuario, o que é unha manifestación da súa singularidade. É a finais do século XIX cando é recollido por Ferdinand von Richtofen como concepto científico. E, grosso modo, podemos dicir: *“Por ría enténdese unha formación estuárica máis longa que ancha, prolongación dun sistema hidrográfico cuxo val foi parcialmente anegado polo mar”.*

As rías galegas, pese á súa pequena extensión, contan entre as zonas de máis alta produtividade primaria oceánica do mundo. E deben esta gran produtividade biolóxica á posición xeográfica que ocupan, ás súas características hidrodinámicas e xeomorfolóxicas e a un alto grado de acoplamento espacio-temporal dunha serie de ciclos: físicos, químicos, xeolóxicos e biolóxicos. Os fenómenos de afloramento e afundimento das augas son causa determinante desa gran produtividade, pois dan lugar a unha situación que favorece a eclosión do fitoplancto, inicio da cadea trófica. Esta enorme riqueza biolóxica constituíu, ao longo dos séculos, unha extraordinaria fonte de recursos pesqueiros e marisqueiros para o ser humano.

Sen embargo, estes espazos semipechados levan asociados, ao seu alto valor ecolóxico, unha gran vulnerabilidade ás perturbacións antrópicas (entre as que se inclúen a entrada de contaminantes e as actuacións de dragado e/ou aterramento), xa que estas alteracións poden romper os equilibrios e desaxustar os ciclos.

A fragilidade destes peculiares espazos (xunto cos seus valores paisaxísticos e faunísticos, e as súas posibilidades recreativas, pesqueiras e marisqueiras) fai que calquera actuación humana sexa altamente perigosa para a súa conservación. O que, en termos xerais, pode resultar inocuo ou pouco daniño en mar aberto, pode converterse en perigoso ou fatal no interior dunha ría. Esta consideración, como veremos, non formou, nin forma, nin se espera que forme parte das preocupacións das sucesivas administracións públicas que Galicia e os seus habitantes sufrimos desde hai xa demasiado tempo.

## 2. Pequena historia da pesca de baixura e do marisqueo en Galicia

Dende o Paleolítico produciuse, en Galicia, un vencellamento entre as comunidades humanas e o medio mariño medio a través da pesca e do marisqueo de subsistencia. A chegada dos romanos trouxo a implantación da salgadura. Os restos arqueolóxicos mostran unha ampla extensión das factorías, e isto revela a intensidade da explotación pesqueira e a importancia da industria de salgadura, que á súa vez propiciaron o desenvolvemento doutras actividades económicas no seu entorno.

Durante séculos desenvolvéronse multitude de xeitos de explotación característicos da pesca artesanal e do marisqueo, tanto a pé como a flote, en embarcacións a remo e vela. Hacia mediados do século XVIII chegaron dende o mediterráneo os chamados fomentadores, que iniciaron a implantación de técnicas de pesca comerciais. Estas técnicas substituíron ás de subsistencia, producindo unha primeira modificación do sistema de explotación tradicional. Hacia finais do século XIX tivo lugar a aparición das primeiras industrias conserveiras.

Estas novas técnicas industriais provocan un cambio na conformación socio-económica e laboral da poboación local, pero tamén levan consigo unha forte presión sobre os ecosistemas mariños, tanto locais como oceánicos, dándose xa os primeiros fenómenos de sobreexplotación do mar. Tamén teñen lugar as primeiras actuacións modificadoras e artificializadoras do litoral. En Vigo, os primeiros aterrramentos (recheos) para a construción e ampliación das instalacións portuarias datan de 1865. Poucos anos máis tarde ganáranse ao mar os terreos entón chamados da Nova Poboación, a actual Alameda.



Representación da costa viguesa no século II, en comparación co seu perfil actual.

A comezos do século XX aparecen os primeiros barcos de vapor para a pesca, e ao longo do século se desenvolve a acuicultura a flote do mexilón, e tamén da ostra, en bateas. Con todo, durante a primeira metade do século son moi abundantes as pequenas embarcacións a remo e vela (dornas, gamelas, botes, buquetas, traíñas, racús e outras). A actividade pesqueira e marisqueira desenvolve, paralelamente, outras actividades artesanais, como a fabricación e reparación de redes.

A partir dos anos cincuenta comeza a aumentar o tamaño dos barcos de pesca de baixura para tentar facer unha pesca máis competitiva, o que derivará en sobrepesca. Paralelamente, a acuicultura do mexilón tamén se desenvolve dun xeito excesivo, facendo diminuír os nutrientes dispoñibles para o peixe e o marisco, e contaminando os fondos. Os efectos de esta sobreexplotación das Rías descríbense máis adiante.

### **3. A degradación das rías: as infraestruturas portuarias e a artificialización do litoral**

Xa advertimos anteriormente que a fragilidade destes peculiares espazos naturais que chamamos rías fai que calquera actuación humana sexa altamente perigosa para a súa conservación, algo que desgraciadamente non se tivo en conta no pasado, nin se ten en conta na actualidade. Os continuos aterramentos (recheos) e a incesante construción de portos deportivos, peiraos e outras modificacións artificiais da costa, produciron e producen un grave dano ao delicado equilibrio ecolóxico da ría.

Todo isto fíxose, e segue facéndose, **en ausencia da máis elemental planificación, sen avaliación ambiental e sen democracia participativa**. Galicia carece, a día de hoxe, de Ordenación Territorial. En Galicia non se realizan Avaliacións Ambientais Estratéxicas nin Avaliacións de Impacto Ambiental dignas de tal nome, xa que os documentos presentados como tales son meros simulacros destinados a superar os trámites legais. E a participación pública en Galicia redúcese á presentación de alegacións que a meirande parte das veces nin sequera son respondidas. Ante a forte presión do poder económico, a resposta do poder político galego non é unha planificación responsable, senón unha improvisación permanente e unha constante fuxida cara adiante. Isto encheu o noso litoral con infraestruturas portuarias e polígonos industriais irracionais e caóticos, que veñen destruíndo dende hai ben tempo os seus valores naturais e que degradan o patrimonio común en favor de fortes intereses particulares.

#### **As infraestruturas portuarias**

Un caso paradigmático é o devastador recheo de Bouzas, na Ría de Vigo, que foi realizado ao longo de 22 anos (1968-1990) con materiais incontrolados e sen medios de contención. Este recheo sepultou a zona de pesca e marisqueo máis rica da ría e afectou ao resto, converténdoa nunha auténtica cloaca. Aquí (onde estaba o banco de ameixa máis produtivo de toda a ría, que pasou de producir 940 toneladas en 1967 a tan só unha en 1986) milleiros de camións descargaron continuamente durante eses anos millóns de toneladas ao mar, sen ningún control do que se vertía, sen ningunha barreira protectora. Grande parte dos materiais de recheo (ata 2/3 do total dos sólidos disgregados) foron espaxados polas correntes, as ondas e as mareas sobre o fondo da Ría. Moitas rochas, antes lugar de refuxio e cría de peixes, hoxe están sepultadas baixo unha capa de xabre, lama e lixo que nalgúns puntos acada varios metros de espesor. Todo isto... ¿para qué? Máis do 80% da superficie do recheo (case un millón de metros cadrados) é utilizada por Citroën e a Zona Franca para depósito de coches, almacéns e oficinas. Hai tamén alí naves frigoríficas, unha fábrica de mobles e ata un campo de fútbol...

E hai moitos máis exemplos. Os portos exteriores do Ferrol e da Coruña, dos que a necesidade e a utilidade non son demostrables, están construíndose con fondos europeos, e teñen un impacto tan aberrante que unha correcta avaliación ambiental bastaría para determinar a súa inviabilidade e impedir a súa realización.

Hai sentencias xudiciais firmes que esixen a reposición ao estado natural de lugares afectados por infraestruturas portuarias ilegais. Este é o caso do complexo de depósitos de hidrocarburos de Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa, así como o aterramento de Placeres, de máis de 300.000 m<sup>2</sup>, en Marín.



Na imaxe pódese ver o resultado de moitos anos de actuacións no litoral da ría, desde Alcobre a Rande. Todo o sinalado (a liña encarnada incluída) é espazo gañado ao mar, recheos construídos ao longo do século XX que artificializan a costa, mudan as correntes e producen múltiples efectos negativos sobre os ecosistemas. Ata cando e ata onde pensan seguir así?

## As Autoridades Portuarias: a Autoridade Portuaria de Vigo

O Porto de Vigo merece unha mención especial. A súa falta de ordenación e eficacia súplese permanentemente con novas ampliacións portuarias que, indefectiblemente, consisten en novos recheos.

A Autoridade Portuaria de Vigo é unha empresa inmobiliaria en expansión permanente que crece cara ó mar. Ou mellor dito, sobre o mar. Xa hai tempo que os barcos, a actividade pesqueira e as necesidades do comercio marítimo pasaron a ser simples pretextos para a verdadeira función desta entidade: o subministro de solo para a especulación.


Os seus ingresos proceden máis do aluguer de espazos portuarios a empresas, que nada teñen que ver coa actividade portuaria, que da correcta xestión do porto. A autocracia portuaria foca os seus designios no aluguer de metros cadrados infinitos aos particulares: Instalacións fabrís e mercantís non portuarias, oficinas como as da Zona Franca, portos deportivos, depósitos de automóviles... Máis da metade das 650 concesións de terreos están ocupadas por empresas e instalacións que non teñen relación ningunha coa actividade portuaria. Hai pouco foi construído alí un enorme centro comercial; sen tardar virán torres acristaladas para apartamentos,



hoteles, parques temáticos, restaurantes... E claro, así non hai espazo portuario que abonde. Pero, como o mar é de todos, o proxecto estrela é o recheo interminábel, permanente e *ad libitum*.


A escusa recorrente é a da competitividade. O porto debe crecer para ser competitivo. Pero, pode un porto situado no interior dunha ría manter ese pulso sen acabar destruíndoa? Evidentemente, a única resposta posible é **non**. Máxime cando a súa xestión irracional e ineficaz o sitúa nos últimos lugares de calquera estudio comparativo sobre o aproveitamento do espazo dispoñible.

Na seguinte gráfica podemos ver os datos de 30 portos comerciais de todo o mundo, entre eles tres do estado español (Alxeciras, Valencia e Barcelona). Nela, o Porto de Vigo ocupa o penúltimo lugar na xestión de contedores en relación coas hectáreas de espazo portuario dedicadas a tal fin.



Se facemos a mesma comparación, pero tomando esta vez como referencia a lonxitude de liña de atraque en metros lineais, e a relacionamos tamén co movemento anual de contedores, o resultado ven sendo peor: Vigo ocupa o último lugar da serie.





A Autoridade Portuaria de Vigo só ten acreditado unha grande eficacia en dous aspectos. A súa Dirección fai unha eficaz posta das instalacións portuarias e do patrimonio natural da Ría á disposición incondicional dos intereses dos empresarios. E a súa Presidencia constitúe un cargo útil como trampolín electoral para os políticos que por ela pasan, e que por este motivo centran os seus esforzos en aberrantes e faraónicos proxectos que lles sirvan de propaganda, desde desatinados edificios sobre o mar ata fontes cibernéticas...

Pero as outras Autoridades Portuarias de Galicia non mostran máis eficacia nin mellor trato ao medio ambiente. Basta citar os casos xa comentados de A Coruña, O Ferrol, Vilagarcía de Arousa e Marín.

## Os peiraos deportivos e outras infraestruturas

A isto hai que engadir o cúmulo de obras (diques, industrias, paseos marítimos) que non só ocupan unha determinada lámina de auga e destrúen unha porción de fondo concreto, senón que alteran as correntes, fan bascular a area e alteran os ecosistemas ben alén da súa localización. E non só destrúen, por exemplo, un banco marisqueiro, senón que tamén degradan os demais, xa que as embarcacións teñen que distribuírse nos restantes bancos. Isto baixa o seu rendemento, e conduce á súa esquilma, e a xente que del vivía acaba tendo que dedicarse á pesca con outras artes, como o trasmallo ou o xeito.

Por se todo isto fose pouco, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia proxecta crear máis de 2.400 novas prazas de amarre na Ría de Vigo (máis de 16.000 en toda Galicia) en novos e impactantes portos deportivos con dique en recheo, o que significaría case triplicar o número de prazas existentes, e isto cando o 10 por cento das embarcacións deportivas amarradas neses portos nunca sae a navegar e o 30% só o fai dúas ou tres veces ao ano e só no verán.

#### **4. A degradación das rías: a contaminación**

Os asentamentos urbanos, a industria, as infraestruturas, o agro e a mesma pesca son xeradores de residuos e fonte de verquidos contaminantes, produtos que, incontrolados e non depurados, acaban depositados ou disoltos nas augas costeiras, adsorbidos nos sedimentos dos fondos das enseadas, esteiros e areais e, finalmente, incorporados, a través das cadeas tróficas, nos organismos das especies mariñas, incluídas aquelas das que nos alimentamos.

Na contorna da Ría de Vigo viven na actualidade unhas 500.000 persoas. En todo o contorno da ese espazo as redes de saneamento non son integrais, non existe separación entre as augas pluviais e as residuais urbanas, nin depuración previa en orixe das augas industriais, e a totalidade das oito depuradoras municipais de augas residuais localizadas na beira da ría non funcionan adecuadamente: ou lles faltan fases de tratamento, ou están por baixo da capacidade necesaria, ou verquen sistematicamente as augas industriais sen depurar.

Especialmente problemático é o caso da propia cidade de Vigo (300.000 habitantes). A súa depuradora principal, de grandes dimensións, foi construída ilegalmente, con aportación de fondos europeos, na Xunqueira (marisma) do río Lagares, espazo natural con especies animais e vexetais de interese comunitario, e lugar de dominio público marítimo terrestre protexido pola Lei de Costas.

Esta depuradora verte en condicións normais ó mar 85 millóns de litros diarios de augas sen depurar. E dicimos en condicións normais, porque cando chove o problema se dispara. As augas pluviais recollidas polos sumidoiros da cidade mestúranse coas residuais urbanas, facendo que o caudal resultante supere a capacidade da depuradora (por grande que esta sexa). O resultado é que unha gran parte dese caudal vértese ao mar sen tratamento ningún. Por outra parte, as augas industriais carecen dunha depuración previa en orixe, en depuradoras industriais con tratamentos adecuados á tipoloxía de cada efluente. Isto provoca que as augas industriais tamén se misturen coas augas residuais urbanas e as pluviais, e cheguen misturadas á depuradora, onde é inviable a súa separación e tratamento específico. Como remate, determinados efluentes industriais provocan a morte dos microorganismos do tratamento biolóxico, o que altera e incluso anula o proceso de depuración.

Porén, as administracións implicadas (concello, goberno autónomo e goberno central) pretenden resolver a situación construíndo unha macrodepuradora no mesmo lugar que a actual, e tamén con aportación de fondos europeos. Tal instalación acabaría definitivamente co espazo natural da Xunqueira, e non resolvería de ningún modo o problema. Por unha parte, o proxecto cínguese á cidade de Vigo e non aborda un sistema de saneamento integral de todos os concellos da Ría. Por outra parte, o proxecto non aborda nin soluciona as causas que fixeron inútil a depuradora actual, é dicir, a inexistente separación entre as augas pluviais e as residuais urbanas, e a inexistencia de depuración das augas industriais en orixe.

Como resultado de todo isto, a Ría de Vigo presenta importantes niveis de contaminación de todo tipo: augas fecais, metais pesados, clorobifenilos, hidrocarburos aromáticos e outros axentes.

Pero esta situación dáse en todas as rías galegas. Os verquidos urbanos e industriais, e a carencia de sistemas de tratamento adecuados, están degradando a calidade das augas das rías, e isto afecta moi directamente aos bancos marisqueiros. Segundo un estudo da Federación de Confrarías que se fixo público en xaneiro de 2008, o 63,2% das augas costeiras galegas teñen alta concentración de bacterias fecais. A concentración destas mostras superaba as 25.000 unidades de coliformes fecais por cada 100 mililitros, cando para a pesca, segundo directrices europeas, o límite máximo sitúase en 1.000 mL. Neste mesmo estudo indícase que o 96% das mostras de bivalvos tomadas nas rías galegas superan os límites legais para o consumo humano.

Cabe citar dous exemplos das consecuencias da contaminación na Ría de Vigo. Por unha parte, o caso da vieira, que existe en cantidades considerables na ría, e cuxa comercialización está prohibida polo alto contido de metais pesados que presenta. Por outra parte, a existencia de tres zonas pechadas ao marisqueo (declaradas zona C): a Foz do Miñor, as praias de Moaña e Meira e a enseada de Arcade.

## 5. A degradación das rías: a sobrepesca de baixura

*“Nos anos cincuenta do século XX en cada casa mariñeira había unha embarcación a remo. Naquel tempo cada gamela saía ao mar con entre 12 e 25 nasas, e nunca faltaba o peixe nin o marisco. Desde entón, as agresións sufridas pola ría –recheos, contaminación e cambios producidos nos medios e modos de pesca– arrasaron aquela riqueza e acabaron con ela en gran parte, seguramente de xeito irreversible”.*

(Evaristo Fernández, Patrón Maior da Confraría de Cangas)

De recheos e contaminación xa falamos antes. Sigamos agora o fío do Patrón Maior no referente aos cambios nos medios e modos de pesca, e os seus efectos na Ría de Vigo. Todo nace dunha mala planificación e dun exceso de cobiza dende a orixe, cando comezaron a mudar os modos de traballar. Nos anos 60, ante o feito de que a pesca tradicional non era competitiva, establecéronse axudas para facer barcos máis grandes. Non só para meter máis peixe a bordo, senón tamén por motivos de seguridade, comodidade e limpeza. Pero o espazo adicional utilizouse para triplicar a capacidade de capturas.

E comezaron as malas prácticas, non respectando especies, nin tamaños, nin aparellos, nin topes de captura. Chegouse, incluso a empregar métodos de pesca tan ilegais e destrutivos como a dinamita, que aínda se utiliza, esporádica pero recurrentemente, na actualidade. A isto engádese que, mentres as embarcacións tradicionais tiñan que quedar en terra co mal tempo, estas poden saír a faenar todos os días, incluso con temporal.

O resultado é devastador. As gamelas de antes, as que saían con entre 12 e 24 nasas de vimbio, volvían con 3 ou 4 patelas cheas de nécoras. No comezo do cambio, un barco saía con 100 nasas a bordo e podía manter varias familias. Hoxe, os barcos saen con entre 100 e 500 nasas, pero nin con 1000 poderían obter o rendemento de antes.

Nótase un gran descenso na cantidade e na calidade do peixe, e algunhas especies desapareceron totalmente. Por exemplo: os meses de maio, xuño e xullo eran *meses da fame* para palometas e sables. Pero, no entanto, podíanse pescar outras especies, como os ollomoles (*besugos*). Hoxe, pescar un ollomol é unha rara casualidade. Está desaparecido. O pancho, tan frecuente e abundante anteriormente, tamén. E o mesmo ocorre con outras especies que formaron parte dos poboadores da ría ata non hai moito tempo.

## **6. A situación actual da pesca de baixura en Galicia**

Os galegos da costa pasamos de ser unha sociedade de labregos e mariñeiros con modos de produción artesanais, a unha sociedade aparentemente próspera, é dicir, con modos de produción e consumo intensivos... sen tomar ningunha precaución.

De aí os recheos, o urbanismo salvaxe, un porto caótico e depredador, os peiraos pseudodeportivos que privatizan o litoral, os usos non portuarios no terreo gañado ao mar, a alteración das correntes e a destrución de praias, a contaminación, a depuración ineficiente, a destrución dos recursos pesqueiros e marisqueiros, a destrución da paisaxe, o desprezo á identidade cultural e ao patrimonio común...

Con todo, as rías galegas manteñen unha gran parte da súa riqueza orixinaria, e seguen funcionando como verdadeiros parques acuícolas naturais. Deste xeito, e a pesar da súa degradación, 60.000 postos de traballo dependen na actualidade, directa ou indirectamente, dos recursos produtivos da Ría de Vigo. O número de postos de traballo directo é superior ás 15.000 persoas: 10.000 na pesca, máis de 1000 no marisqueo, case 2500 na acuicultura e máis de 2.000 noutras actividades en terra, que teñen, ademais, un importante valor etnográfico, cultural e identitario, como o labor das redeiras. Ademais, o sector pesqueiro e marisqueiro segue tendo efectos multiplicadores sobre a economía, dinamizando outros sectores produtivos e de servizos. Polo tanto, as pesquerías tradicionais seguen a ser un importante motor socioeconómico dos concellos do litoral galego.

Pero esta é unha riqueza ameazada. A permanente degradación, a estulticia, a cobiza e o abandono, están levando ó marisqueo e á pesca artesanal a unha crise tanto ou máis grave que a da construción. As nosas costas xa non fornecen a demanda dos mercados propios coas especies do día. Os peixes e mariscos que consumimos proceden máis da importación e dos cultivos que das augas e areas galegos.

Ademais, ante a presión dos intereses das grandes empresas da pesca industrial e da acuicultura, as artes tradicionais e a pesca de baixura galegas enfróntanse a un proceso de extinción económica e cultural, espuriamente consentido, ou incluso planificado, polos poderes públicos. Se non se detén este proceso, a pesca de baixura pode ser outro dos sectores gravemente afectados polo paro. E Galicia pode quedar despoxada dun dos seus principais sinais de identidade.

## **7. A pesca industrial de altura dende Galicia**

A tradición de construción de buques de pesca comezou co século XX, pois con él apareceron os primeiros botes de pesca a vapor. A partir dos anos 50 do século pasado comezaron a implantarse na Ría de Vigo unha serie de empresas que se ían dedicar á pesca industrial de altura. E a partir dos anos 60 comezaron a construírse os novos buques conxeladores, que revolucionaron a industria pesqueira.

Isto levou aparellada unha considerable ampliación das infraestruturas portuarias, que colocaron ao porto da cidade de Vigo como primeira referencia da pesca a nivel europeo. Pero tamén provocou unha forte presión sobre a ría en forma de novos e continuos recheos, modificando forte e irreversiblemente a dinámica litoral e o sistema de correntes, afectándoa no seu conxunto, e rachando o seu delicado equilibrio, iniciando un proceso de degradación que continúa na actualidade.

A gran flota de barcos de altura local promoveu un forte crecemento da formación profesional e da xeración de postos de emprego, pero tamén se viu fortemente implicada, nas seguintes décadas, na sobreexplotación dos océanos, tanto en augas europeas como no resto do mundo.

Vigo convertiuse así no primeiro porto pesqueiro do mundo e no maior comercializador de peixe para consumo humano. No ano 2008 o movemento de peixe, moluscos e crustáceos foi de 752.000 toneladas.

Para os ollos miopes de moitos empresarios e responsables políticos, esta actividade resulta dunha importancia moi superior á que pode significar a explotación da propia ría, sobre todo se se pretende que esa explotación sexa racional e sustentable. Así, a pesca artesanal e o marisqueo pasaron a ser considerados como unha actividade residual e menor, que non merece a atención do poder político-económico. A actitude de abandono e desidia coa que a administración trata habitualmente a estes sectores constitúe unha alarmante evidencia de que se pretende o seu desmantelamento.

Vigo é a base de compañías pesqueiras, con gran presenza en países como Marrocos, Namibia, Sudáfrica, Mozambique, Somalia, Australia, Arxentina, as Illas Malvinas, Chile ou Perú. O peixe é enviado a toda España e expedido a países como Portugal, Italia, Francia e outros mercados máis distantes, mesmo de Asia.

Estas empresas, en moitos casos multinacionais, só buscan o beneficio inmediato, sen pensar en ningún tipo de sustentabilidade que non sexa a da súa conta de beneficios aquí e agora. A súa actuación supón a expoliación neocolonial dos países da periferia do capitalismo e, que ninguén o dubide, son eles os que verdadeiramente marcan o rumbo das políticas europeas e non europeas.

Antes de rematar o século XX o sector conserveiro foi o primeiro en entrar nunha crise que se traduciu na desaparición dun gran número das principais factorías. Agora, e despois de décadas de sobreexplotación dos mares, entra tamén en crise o sector da pesca industrial de altura.

## 8. A Política Pesqueira Común da Unión Europea

As políticas comerciais da Unión Europea fundaméntanse nun texto creado no 2006 chamado: “*Unha europa global. Competir no Mundo*”. O título revela a magnitude deste texto e cal vai ser o obxectivo prioritario da Unión Europea: a procura de novos nichos de mercado para o fortalecemento da Unión a nivel comercial. Neste documento fálase, entre outras cousas, dunha maior liberalización dos mercados, rexeitando calquera tipo de política proteccionista, da necesidade de abastecemento de materias primas e da búsqueda de Acordos de Asociación.

A través dos Acordos de Asociación Pesqueiros a UE pretende intervir aínda máis nos mercados pesqueiros. Un claro exemplo disto é a situación do Senegal, que está sufrindo graves presións para asinar un acordo que rematará de esquilmar a pesca artesanal do país e, polo tanto, un dos medios de vida básicos da súa poboación.

O 70% do peixe comercializado na UE provén da importación deliberada de recursos pesqueiros dende caladoiros de terceiros países, que as empresas aproveitan para minimizar custos no proceso extractivo, provocando unha pegada ecolóxica e social desmesurada. Este feito evidencia a necesidade dunha recuperación biolóxica dos caladoiros, da soberanía dos pobos na xestión dos seus propios recursos e no abastecemento dos seus propios mercados, e do cambio das políticas comerciais.

Esta situación é resultado do neoliberalismo mercantil que presume de abaratar custos na extracción e elaboración dos “produtos” do mar, provocando unha elevada pegada ecolóxica do proceso.

Ademais diso representa unha desproporcionada competencia para as pesquerías artesanais e de baixura, exercendo unha enorme presión para devaluar os prezos en lonxa dos recursos locais e deteriorar o seu sistema de comercialización e dando pé a unha maior especulación nos prezos, servíndose da desinformación dos consumidores.

O avance da tecnoloxía e das artes de pesca con máis capacidade de capturas e a maior potencia e autonomía dos barcos derivou nunha maior capacidade pesqueira e maior tempo faenando no mar. Isto implica un maior deterioro dos recursos do medio mariño e un descenso do nivel de capturas polo sobreesforzo pesqueiro e a desestabilización da dinámica das poboacións de peixes e animais do ecosistema mariño. A sobredimensión das flotas e a tecnificación das artes, unidas a causas alleas á propia pesca, como a artificialización do litoral e a contaminación, teñen causado unha situación de enorme deterioro nos ecosistemas mariños.

En augas comunitarias o 88% dos caladoiros están sobreexplotados e o 30% destes por debaixo do límite biolóxico de seguridade, o que implica a moi difícil recuperación dos mesmos. Segundo datos da FAO en 2006 descargáronse un total de 80 millóns de toneladas de peixe en todo o mundo. Delas 13 millóns corresponden a Europa, onde só cinco anos antes ascenderan a 15,5 millóns: un descenso do 16% que amosa o rápido esgotamento dos caladoiros.



Ademais das imposicións das multinacionais da pesca industrial ante as mesmas normativas comunitarias, estas son posteriormente vulneradas de xeito sistemático. Os motivos son varios pero destacan fundamentalmente dous: vixilancia ineficaz e corrupción. O exemplo máis claro é o caso do atún vermello (*Thunnus thynnus*). Anualmente captúranse arredor de 68.000 toneladas, das cales 61.000 proceden da actividade pesqueira ilegal. Isto non vai seguir sendo así por moito tempo, pero non porque a UE vaia a variar as súas practicas, senón porque o atún vermello está ao borde da extinción.

2010 é o ano mundial da biodiversidade, mais de momento a contaminación segue a envelenar o mar. Os arrecifes de corais desaparecen, milleiros de tiburóns son capturados co fin de exportar soamente as súas aletas, e cetáceos, aves e tartarugas caen indiscriminadamente nas “artes” que fan medrar emporios económicos.

Unha media do 20% das capturas nunca chegan a porto, pois constitúen descartes sen valor comercial, que son botados pola borda... mortos.

As áreas mariñas protexidas representan menos do 1% dos océanos, en contraposición cos espazos protexidos en terra, que no caso do estado español representan entre o 12 % (Galicia) e o 45% (Madrid).

Un grave exemplo de pesca irracional e salvaxe é a captura do tiburón. Pois ben: Vigo é primeiro porto de Europa e un dos máis importantes do mundo en tonelaxe de tiburón desembarcado.

Na actualidade o 90% dos grandes peixes desapareceron xa dos océanos e os científicos calculan que, de non haber cambios nestes comportamentos, os recursos pesqueiros do planeta estarán totalmente esgotados no ano 2048.

## **9. As piscifactorías: Un negocio das multinacionais presentado falsamente como unha solución ao esgotamento da pesca**

Ante o esgotamento da pesca de altura, as empresas multinacionais (*Pescanova*, *Stolt Sea Farm*, etc.) buscan un novo sector de negocio na acuicultura, presentándoo como unha solución ao desabastecemento dos mercados, e como unha medida que permitirá reducir a presión sobre os caladoiros e permitir a súa recuperación.

Pero éste é un argumento falaz. O peixe mariño criado en piscifactoría só representa un porcentaxe ridículo en comparación co cultivo de peixe de auga doce e, sobre todo, de moluscos (o total da produción acuícola mundial achégase a un terzo da obtención total de peixe e moluscos, mentres que o peixe mariño criado só representa un 2% do capturado). Ademais, a cría do peixe de piscifactoría require entre 3 e 7 kg de pescado capturado no mar por cada kg de peixe criado.

Por outra parte, as piscifactorías precisan de augas de gran pureza, que devolven contaminadas con antibióticos, exceso de materia orgánica e produtos químicos. E isto representa un grave risco de alteración xenética das poboacións naturais. Os plans acuícolas que están en tramitación en Galicia non respectan a costa virxe, nin as praias, nin as zonas húmidas, nin os cantís, nin os espazos naturais protexidos, nin o noso patrimonio cultural, nin as nosas mellores paisaxes, nin a franxa de protección costeira, cando existe tecnoloxía dabondo para instalarse fóra dela.

O feito de que as piscifactorías precisen de augas de gran pureza provoca unha circunstancia reveladora: as empresas acuícolas buscan a costa exterior para localizar as súas plantas, porque todas as rías están contaminadas.

Especialmente grave é o intento da Xunta de Galicia de desprotexer, con este motivo, a Rede Natura, mediante unha controvertida e xurídicamente insegura modificación da Lei do Solo galega (LOUG). Tamén é moi grave a intención da Xunta de desafectar o dominio público marítimo terrestre e privatizalo, entregándoo nas mans das multinacionais. Isto vai contra unha lei superior como é a Lei de Costas e as Directivas Ambientais europeas.

Por último, utilízase tamén o argumento falaz de que este tipo de instalacións supón a creación de postos de traballo. En realidade, estas instalacións, altamente tecnificadas, son manexadas por moi escaso personal, mentres que supoñen a perda de moitos postos de traballo na pesca e no marisqueo.

Temos que insistir no que debería ser obvio para todos, pero sobre todo para a administración pública: o mellor Plan de Acuicultura posible, e o único verdadeiramente sustentable, é a rexeneración ambiental e integral das nosas rías, que son os verdadeiros criadeiros naturais, acompañada da creación de áreas de xestión pesqueira, así como áreas e corredores de reserva mariña.

## 10. O retorno ao coidado dos ecosistemas mariños e ao seu aproveitamento racional e sustentable

A rexención dos ecosistemas mariños, e o retorno a un aproveitamento mesurado, racional e sustentable dos seus recursos fai necesario poñer en práctica, entre outras, as medidas seguintes:

1. Creación de plans diferenciados para zonas diferenciadas, atendendo as peculiaridades de cada unha delas, tanto no biolóxico como no económico.
2. Plans baseados en estudos científicos serios e rigorosos, e non nos intereses económicos das empresas multinacionais, nin nas presións dos estados membros. Non é aceptable que as decisións se tomen maioritariamente segundo criterios políticos e económicos. O mellor e máis recente exemplo témolo na pesquería do atún vermello, *Tunnus thynnus*, no que as decisións políticas dos últimos 10 anos tomadas na Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico desprezaron as recomendacións do seu propio comité científico, deixando a poboación de atúns ao borde do colapso.
3. Control efectivo do esforzo pesqueiro e do cumprimento das normativas: horarios de pesca, emprego das artes, cotas de capturas, tallas mínimas, zonas de captura, declaración de especies e cantidades capturadas, etc. Como sempre nestes casos, é indispensable “controlar ao que controla”.
4. Potenciación da pesca artesanal e de baixura, facilitando a autoxestión do sector na creación de áreas de explotación sustentable debidamente controladas, así como reservas e corredores que garantan a rexeneración dos recursos. Por outro lado, débese facilitar a participación da flota non soamente mediante organizacións pesqueiras, senón tamén con representantes de métodos de pesca.
5. Protección efectiva do medio mariño en lugar da actual destrución sistemática do mesmo, reducindo ao mínimo os niveis de contaminación do litoral e as actuacións agresivas (infraestruturas, industrias contaminantes, masificación do litoral, recheos, etc.) que rompen o equilibrio dos diferentes ecosistemas mariños, e garantindo a súa saúde e a conservación da biodiversidade, así como a dependencia e interrelación dunhas poboacións con outras.
6. A correcta xestión dos nosos recursos establecerá os límites da súa explotación. A natureza ten límites, e Europa tamén. Reclamamos o cese inmediato da explotación neocolonial da pesca en países da periferia económica, a auténtica piratería “legal” destrutora e esquiladora dos recursos dos menos favorecidos.

## ASINANTES:



**A Ría Non Se Vende**  
[www.arianonsevende.org](http://www.arianonsevende.org)



**Galiza Non Se Vende**  
[www.galizanonsevende.org](http://www.galizanonsevende.org)



**Amarante**  
[www.amarantesetem.org](http://www.amarantesetem.org)



**Marcha Mundial das Mulleres**  
[www.feminismo.info](http://www.feminismo.info)



**Salvemos Pontevedra**  
[www.meinteresalavida.blogspot.com](http://www.meinteresalavida.blogspot.com)



**Ecologistas en Acción**  
[www.ecologistasenaccion.org](http://www.ecologistasenaccion.org)

**Vigo, 5 de maio de 2010**